
OS CONTOS DA AVOA PEPA

Texto de FRANCISCO X. FERNÁNDEZ NAVAL

Ilustracións de MANOLO FIGUEIRAS

Encadernado en cartonné. 15 x 23,5 cm. 88 páx. 15 €.

ISBN 978-84-8464-436-1. Sete Leguas.

PREMIO GALA DO LIBRO 2019 DE LITERATURA INFANTIL

A avoa Pepa compón un ramo coas rosas das roseiras que cada ano florecen no camiño que vai da casa ao pozo, cruzando a aira.


Hainas vermellas, brancas, amarelas, tamén da cor da rosa.

Medra na súa man o ramo que completa con gladiolos alaranxados e caraveis da China. Con el alegrará a galería. Gústalle as flores, a súa perfección, a súa luz, o seu recendo. A avoa Pepa fai ramos dende que ten memoria e son xa moitos os anos que fixo...

“Os contos da avoa Pepa” atesoura a memoria dos nosos maiores, dun pasado con menos comodidades e sen os adiantos tecnolóxicos de hoxe en día, pero fala dunha Galicia coa autenticidade e co encanto da paisaxe e da paisanaxe rural; dun tempo no que as historias pasaban de avós, a fillos, a netos, xeración tras xeración; dos contos de fórmula, das diviñas, das cantigas e dos xogos tradicionais, das fábulas; do entusiasmo dos cativos gozando cunha sinxela caixa de pinturas. Mais “Os contos da avoa Pepa” tamén trae recordos agres da emigración, das guerras e da represión...

Francisco Fernández Naval convértese en transmisor dun legado de valor incalculable que trascende o plano da oralidade para ficar por escrito. Son palabras cheas de nostalgia e de afecto, portadoras dunha potente carga evocadora dos sentidos e dos sentimentos, que se deleitan na descrición detallada dos lugares, dos diálogos; relatos de antano como bálsamo contra o esquecemento.

O cromatismo e a luminosidade das ilustracións de Manolo Figueiras reforzan a mensaxe desta obra sobre un mundo marabilloso no que todo podía e debía ser contado, tamén o misterioso e o inverosímil, o fantástico, o triste e o alegre. Son imaxes de estilo naïf con calado simbólico e intimista nas que a figuración humana convive coa contorna recreada: un suave realismo mestúrase coa abstracción e cos xogos xeométricos, en planos superpostos.



- **Temática:** os recordos de antano dunha avoa.
- **Idade recomendada:** a partir de 7 anos.
- **Aspectos destacables:** a perda da memoria; a Galicia rural do pasado; familia e sociedade tradicional; oralidade; cromatismo pictórico.
- **Avance do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/os-contos-da-avoa-pepa-g>

Francisco X. Fernández Naval

(Ourense, 1956)

Poeta e narrador, é licenciado en Filosofía e Ciencias da Educación. Dende 1980 ten publicado preto de 50 obras, entre poesía, novela para adultos e xuvenil, literatura infantil, relatos, ensaio, teatro, guións audiovisuais e guías de viaxes. Tamén traduciu ao galego os textos doutros escritores. Ten recibido os premios Cidade de Ourense de poesía (1980 e 2007), Xerais de novela (1988), Fiz Vergara Vilariño (2010), Irmandade do Libro (2012) e Ánxel Casal (2014).

Manolo Figueiras

(Cidade de México, 1961)

Pintor e escultor, é un dos creadores máis destacados do panorama galego. Compaxina a arte co seu traballo como profesor no Ensino Medio. Na súa produción -coa que ten participado en varias exposicións- destacan as series sobre mitoloxía clásica e os retratos de artistas. Ten ilustrado libros de poesía de Rosalía de Castro, Pepe Cáccamo e Antón Riveiro Coello, entre outros autores. Tamén elaborou as placas cerámicas do roteiro A Esmorga, en Ourense.

www.kalandraka.com

comunicacion@kalandraka.com
